

AS MALETAS VIAXEIRAS POLA IGUALDADE

PREMIO CONCEPCIÓN ARENAL DA DIPUTACIÓN DA CORUÑA

CATEGORÍA INFANTIL CURSO 2019-2020



ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MONTE ALTO



A NOSA INTENCIÓN É

- Reflexionar sobre a igualdade e a prevención da violencia de xénero, realizando unha proposta didáctica dirixida ás familias, onde valoramos o uso da linguaxe gestual e oral nos momentos do xogo e as tomas de decisión entre maiores e pequenos.
- Somos responsables de educar na igualdade, sen diferenciar as mensaxes en función do sexo e educando en valores respectando a todos por igual.
- A través do xogo podemos fomentar comportamentos de igualdade que afiancen desde pequenos a normalidade e a convivencia entre persoas.
- Ao mesmo tempo, e por ser a familia o principal ámbito de formación do neno/a é fundamental favorecer a reflexión compartida e pensar colectivamente sobre a coeducación e o xénero.

XOGAR-COMPARTIR APRENDER FACENDO- APRENDER A SER

As maletas están xa listas para ir dunha casa a outra. A idea é a de compartir e participar na casa de recursos iniciados na escola, para que cada neno e nena, teña oportunidade de mostrar e xogar ca familia con xoguetes dos que participamos todos.

O xogo é a principal actividade do neno e nena. Mediante o uso e utilización dos obxectos nas mans, favorecemos habilidades manuais, sociais e comunicativas.

Un adulto sempre debe estar acompañando os seus primeiros momentos. "Xogar a ser" é un exercicio fabuloso onde atopamos a ocasión de relacionar experiencias, obxectos e accións. O adulto debe escutar e non anticiparse; mirar e esperar a que inicia a súa actividade.

Imitar, adiviñar, arranxar, crear relacionar, lembrar...accións mentais que están directamente relacionadas cas actividades previas realizadas na escola.

Por outra banda:

Favorecer que.. "compartir" sexa algo habitual na vida. "compartir libros da biblioteca" "compartir a roupa" "compartir os xogos" e coidar as cousas como se fóran propias.

A reutilización e reciclace é un hábito necesario para mellorar a nosa calidade de vida: aprender dende pequeninos a consumir de forma responsable.

RELACIÓN DE MALETAS VIAXEIRAS POLA IGUALDADE

Maleta para coidar a natureza.	Maleta para facer roupa e crear con teas.	Maleta para arranxar e crear máquinas.	Maleta para coidar e limpar o noso entorno.
Maleta para facer obxectos de madeira.	Maleta para coidar os cabelos eo corpo.	Maleta para manter a saúde e sanar o corpo.	Maleta para coñecer alimentos e preparar comida.
Maleta para axudar contra o lume.	Maleta para contemplar e aprender do ceo.	Maleta para expresar debuxando.	Maleta para arranxar e limpar o calzado.
Maleta para coidar que a auga non se perda.			

ORGANIZACIÓN E CONDICIÓNNS



- **Solicitude da/s maleta/s :** Anotar o nome do voso/a fillo/a nas casillas do calendario que estará colgado na porta interior da entrada. (máximo 7 maletas) Non solicitar na mesma semana dúas maletas. Nin repetir maleta.
- Este calendario estará colocado desde o martes día 28 de marzo ás 8 da mañá. Pódese apuntar da forma que cada familia considere, gradualmente ou completando os sete turnos.
- **Moi importante:** **Respectar o tempo de préstamo na casa, de mércores ao luns.** Si a maleta non volve a tempo a escola afecta os prestamos dos demás.
- **Facer un comentario da experiencia** con foto/s sobre o xogo que se desenvolve, enviado a través do correo.
- **Cubrir un cuestionario sobre esta actividad** para a valoración final do proxecto.(no mes de xuño)
- **Coidar e manter os materiais** nas condicións que se entregan.
- **Responsabilizarse do material e comunicar roturas e incidencias** .Cada maleta leva unha foto ca imaxe de todo o material, desta forma podedes comprobar antes de devolver á escola que está todo.
- Pódese doar material para á maleta, pero se comunicará á escola para facer a nova imaxe do material.

curso 2022- 2023. Maletas viaxeiras pola igualdade



CALENDARIO

TURNOS

SAÍDA OS MÉCORES

VOLTA Á ESCOLA OS LUNES POLA MAÑÁ

curso 2022-2023. Maletas viaxeiras pola igualdade

O que levan algunhas das maletas

